

Os socialistas de Vilalba solicitan a convocatoria urgente da Comisión Informativa de Cultura, Participación Cidadá, Deportes e Xuventude para que o Alcalde informe sobre o FIV 2014

Debido ao desfase económico que se prevé dado o “pinchazo” de asistencia de público, piden que o concelleiro Jesús Bermúdez, responsable da organización do Festival, “dé a cara” e explique o acontecido, “pois moito nos tememos que, nin por asomo, se van cubrir os gastos dos 190.000 euros inicialmente presupostados”

A postura dos socialistas, dende sempre, ao respecto deste evento, é que ten que tender a autofinanciarse, e non que sexa unha rémora económica cada vez maior para os vilalbeses

Denuncian “a deixadez de funcións” do equipo de goberno, pois, no que vai de mandato, nunca foi convocado dito órgano, a pesar de que houbo e hai temas suficientemente importantes, como son as deficiencias do Auditorio, do pavillón Mato Vizoso, do PAI, ou mesmo a escola infantil, que segue funcionando sen o preceptivo convenio coa Xunta de Galicia

VILALBA, 25 DE ABRIL.- Mediante escrito dirixido á Alcaldía, o voceiro municipal socialista vilalbés - Eduardo Vidal Baamonde- vén de solicitar que a entidade local convoque, con carácter urgente, a Comisión Informativa de Cultura, Participación Cidadá, Deportes e Xuventude, e que nela compareza o Concelleiro de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente -Jesús Bermúdez Rodríguez- para que informe pormenorizadamente do desenvolvemento do Festival Independente de Vilalba (FIV) 2014.

Neste caso, e debido ao desfase económico que se prevé por mor do “pinchazo” de asistencia de público, os socialistas piden que Bermúdez, responsable da organización do evento, “dé a cara” en Comisión Informativa, e explique, punto por punto, o acontecido, “pois moito nos tememos que, nin por asomo, se van cubrir os gastos dos 190.000 euros inicialmente presupostados”. Deste xeito, indica Baamonde, o edil “deberá explicar máis aló do custo de cada contrato asinado, senón que tamén deberá contabilizar, pormenorizadamente, cada situación que implicou o gasto”.

Neste senso, o socialistas demandan que o edil do PP compareza diante dos concelleiros da oposición, e que “non se esconda detrás dos micrófonos das emisoras de radio, para dicir en palabras que se entendan, que se se ten que quedar con algo, que se queda coa perfecta organización, coa falta de incidentes e non coa pouca asistencia ao FIV”.

Postura dos socialistas

A postura do PSOE, dende sempre, ao respecto deste festival, é que ten que tender a autofinanciarse, e non que sexa unha rémora económica cada vez maior para os vilalbeses. A este respecto, lembra, finalmente, o voceiro socialista, que no último Pleno celebrado, o Alcalde manifestou que o FIV non tería un custo maior para o concello dos 35.000 euros. “Moito nos tememos que esa cifra terá que ser sensiblemente incrementada para poder facer fronte aos gastos. Os vilalbes que non asistimos, teremos que pagar entrada á forza”, afirma Eduardo Vidal.

“Deixadez de funcións”

A parte de polo “escuro financiamento” deste evento, o grupo municipal do PSOE tamén esixe a convocatoria urgente de dita Comisión porque, no que vai de mandato, esta nunca foi convocada, a pesar de que houbo e hai temas suficientemente importantes como para facelo. É o caso das deficiencias que presentan distintas instalacións públicas como son o Auditorio, o pavillón Mato Vizoso, o PAI (Punto de Atención á Infancia), ou mesmo a escola infantil, que segue funcionando sen o preceptivo convenio coa Xunta de Galicia.